



MEMORIA

MEM01_13: ORGANIZACIÓN.

O municipio de Pontevedra ten unha extensión de 117 km², e unha poboación de dereito segundo a última publicación oficial do INE a 1 de xaneiro de 2016 de 82.549 habitantes . Esta poboación se reparte entre o casco urbano de Pontevedra e as súas quince parroquias: Salcedo, Lourizán, Mourente, Marcón, Bora, Tomeza, Alba, Campañó, Cerponzóns, Lérez, Verducido, Santa María de Xeve, Santo André de Xeve, Pontesamapio e A Canicouva.

A Corporación municipal a 31 de decembro de 2016 estaba constituída por 25 Concelleiros, sendo a súa distribución por grupos políticos a seguinte: BNG, 12 Concelleiros; PP, 7 Concelleiros; PSOE, 3 Concelleiros; Marea Pontevedra 2 Concelleiros; e Cidadáns 1 Concelleira.

O Pleno da corporación municipal na sesión que tivo lugar en data 26 de outubro de 2005 ao abeiro do disposto no artigo 2 da Lei 4/2004, do 28 de xuño do Parlamento de Galicia para á aplicación aos Concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos concellos de gran poboación, prestou aprobación definitiva aos regulamentos orgánicos do Pleno e as súas Comisións, do Goberno e da administración e do Tribunal económico-administrativo.

Así pois, o Concello conta con tres Regulamentos orgánicos que veñen a determinar as principais normas de funcionamento do seus órganos e administración.

A estrutura orgánica do goberno está configurada a 31 de decembro de 2016, en oito grandes áreas, segundo Decreto da Alcaldía do 13 de xuño de 2015:

- Area de Urbanismo, Protección Cidadá, Servizos e Festas.
- Area de Promoción Económica, Emprego e Turismo.
- Area de Accesibilidade, Patrimonio Histórico e Medio Ambiente Urbano.
- Area de Deportes, Cultura e Dinamización Sociocultural.
- Area de Contratación e Facenda.
- Area de Educación Igualdade e Servizos Sociais.
- Area de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio.
- Area do Rural e Xuventude.

Así mesmo, no devandito Decreto se confiren delegacións especiais nos seguintes servizos:

- Servizo de Ordenación do Territorio e Obras Urbanas.
- Servizos Territorializados e Sensibilización Ambiental.
- Servizo de Normalización Lingüística e Sociedade do Coñecemento.



O Concello conta con dous organismos autónomos, o Instituto Municipal de Deportes e o Pazo de Congresos e Exposicións e coa empresa Turismo de Pontevedra SA.

Por outra banda, forma parte da Mancomunidade do servizo de Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos, actualmente en trámites de extinción, e da Mancomunidade Terras de Pontevedra. Así mesmo, tamén forma parte da Fundación Monte-Castrove e da Asociación do Eixo Atlántico.

Polo que respecta á fundación Monte.Castrove se reitera aquí o informado por este OXPC con data 16 de maio de 2017(Rfra 26OXPC/2017), e que foi remitido ao Gabinete da alcaldía, sobre a imposibilidade de subministrar a información requirida pola OVELL toda vez que a devandita Fundación non facilita a este Concello os datos necesarios.

MEM02_13 :XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS.

Os servizos públicos xestionados de maneira indirecta son o servizo de recollida de lixo, o servizo de abastecemento de auga , o de mantemento de parques e xardíns e o de retirada, transporte e custodia de vehículos da vía pública (guindastre).

- Recollida de lixo: O contrato foi adxudicado a Inxeniería Urbana S.A. (posteriormente CESPAS S.A.) o 27 de maio de 1999, por un importe anual de 3.022.953,49 euros. Posteriormente foi aprobada unha ampliación do contrato inicial, acordado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de xullo de 2005, mais unha segunda modificación do contrato para “ a recollida porta a porta e fracción papel e ampliación da limpeza e mellora de medios no Mercado de Abastos”.

O día 16 de maio de 2011 tamén foi aprobada unha modificación do contrato, engadindo un Anexo V aos pregos de prescricións técnicas coa denominación PUNTO LIMPO, incrementándose o prezo en 148.408,48 euros/anuais (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria citada do día 16 de maio de 2011, acorda aprobar a prórroga deste contrato por un prazo de tres anos, voltándose a aprobar unha nova prórroga de tres anos pola Xunta de Goberno Local o 9 de xuño de 2014.

Logo das revisións de prezos e das modificacións aprobadas, o canon total anual ascende a 5.568.450,60.- euros, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de abril de 2015.

- Abastecemento de auga, saneamento e depuración: A adxudicación deste contrato á empresa AQUAGEST S.A. tivo lugar o 28 de novembro de 1996, cunha duración de vinte anos. A última revisión de prezos aprobada é a corresponde ao exercicio 2012, 2013 e 2014 e foi acordada pola Xunta de Goberno Local na

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185





sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de decembro 2015; posteriormente na XGL do 26 de decembro de 2016 acordouse a revisión de quedando estes establecidos no seguinte (prezos sen IVE): subministración, 0,38734642 €/metro cúbico; rede de sumidoiro 0,20857250 €/metro cúbico.

- Parques e xardíns: Foi adxudicado á empresa CESPAS S.A. o 23 de setembro de 2015, por un importe anual de 613.750,10.-€, IVE engadido.

A duración do contrato é de catro anos, prorrogables anualmente ata un máximo de seis.

- Recollida, retirada, transporte, inmovilización, depósito e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas: Con data 10 de agosto de 2012 foi formalizado o contrato administrativo da xestión deste servizo municipal coa empresa SETEX-APARKI, S.A., para a súa prestación ata o 31 de decembro de 2019, prorrogable por períodos dun ano ata un máximo de tres anos.

MEM03_13: BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS.

Ao longo do exercicio económico, tanto no rexistro das operacións económico-financeiras, como na elaboración das contas anuais se seguiron as disposicións do Modelo Normal da ICAL 2013.

En ningún caso foi necesaria a utilización de outros principios contables que se separaran dos criterios dos principios contables públicos para a consecución da imaxe fiel.

MEM04_13: NORMAS DE VALORACION.

- O novo PXCPAL da ICAL13 ven introducir importantes novidades respecto do Plan de 2004 sobre todo no que afecta ao rexistro do **Inmovilizado**.

Por unha banda hai que destacar a distinción do inmovilizado que se atope “en curso” do xa activado, tarefa que puido levarse a cabo á vista da información subministrada polo módulo de proxectos de gasto; pero por outra, a realización da valoración do inmovilizado de conformidade a 1ª norma de recoñecemento e valoración, que distingue tres criterios de valoración, isto é, prezo de adquisición, custe de produción e valor razoable, soamente é posible realizalo ao prezo de adquisición pero dunha maneira pouco axustada toda vez que ao non existir inventario municipal nin ferramentas para a levanza da xestión patrimonial do concello, que imposibilita unha correcta dotación da amortización, depreciacións, alta e baixas de bens, ... non se pode falar dun correcto seguimento da valoración contable dos bens e dereitos do inmovilizado.

Para a dotación das amortizacións do Inmovilizado, e tendo en conta as dificultades que para o seu cálculo constitúe o feito de que non se conte nin con un Inventario Municipal, nin con un Inventario contable, se seguen os criterios de amortización establecidos nas Bases de execución do Orzamento de 2016, que difiren nas porcentaxes que ata o 2012 se tiñan en conta e que se correspondían aos sinalados no informe de fiscalización do exercicio de 1997 efectuado polo Consello de Contas.

- Polo que respecta á **dotación da provisión para insolvencias**, se seguiu o criterio establecido nas Bases de Execución do Orzamento para o



cálculo dos dereitos de difícil ou imposible recadación.

- En canto á confección das notas referidas ás **transferencias concedidas** que se consideran significativas se seguiu o establecido nas BEP onde se regula que terán esa consideración as de importe superior a 3.000,00.-€.
- Outra novidade importante a constitúe o tratamento que se lle confire as transferencias e ás subvencións concedidas e recibidas.

Como consecuencia da adaptación á nova ICAL13 durante 2015 foi necesario “activar” unha **subvención como “reintegrable”** ao inicio do exercicio e que corresponde ao convenio asinado para ao novo acceso sur da N-550.

Xa durante o exercicio 2015 pasou a ser considerada como “non reintegrable” xunto á subvención do Agader para a execución do proxecto de mellora dos camiños rurais de Cabanas a Igrexa, ao cumprirse os requisitos establecidos no PCXPAL para pasar a ter esa consideración.

Neste exercicio tamou pasou a considerarse “subvención non reintegrable” a subvención do agader para 2016 por importe de 71.157,06.-€.

Por ende, se procedeu á súa imputación a resultados tal e como establece a Norma de valoración 18ª , é dicir, ao ritmo da súa amortización

Así se rexistrou unha imputación a resultados por importe de 83.577,79.-€ que se recolle na conta 753.01 quedando pendente de imputación a resultados 4.133.284,69.-€ tal e como se reflicte no ECPN como variacións como incremento patrimonial.

No que respecta áo resto da contabilización das subvencións de carácter non reintegrable se seguiron as recomendacións efectuadas pola IGAE na súa Consulta 3/2013, de 25 de setembro, admitíndose como conta de abono no asento de recoñemento da subvención directamente a do grupo 7.

